

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE MAIO DE 2014

=====
==

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 7 de maio de 2014

HORA DE COMEZO: 14:25 h.

HORA DE REMATE: 15:10 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D^a Dolores Gallego Santos.

AUSENTES: D. José Luis Gestido Porto, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 21 E 30 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 21 e 30 de abril de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

Este punto foi retirado da orde do día.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 2.5.14, relativa a concesión de axudas do Servizo Municipal de Emerxencia Social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de SETECENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (748,44 €) a B. Abidour."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

SUBVENCIONES

4º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO-2014

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 28.4.14, referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para infraestruturas de uso público-2014, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO-2014

Publicada a Orde do 1 de abril de 2014 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas de uso público, destinadas aos concellos de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Reunindo as condicións que na orde se especifican e vistas as necesidades municipais, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado: 'Adecuación parques infantís Concello-Avda. de Ourense-Castrillón' polo importe total de TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (39.974,69 €).

Esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Orde do 1 de abril de 2014 da Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas de uso público do ano 2014, destinados aos concellos de Galicia, para o proxecto denominado 'ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO' -Avda. Ourense-Castrillón- cun orzamento total de TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (39.974,69 €), e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

Segundo.- Que con data do 26 de setembro de 2013, este concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2012 ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.

Cuarto.- Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello do ano 2012, ascenden á cantidade de CINCO MILLÓNS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE CON NOVENTA E NOVE (5.085.837,99 €)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para infraestruturas de uso público-2014.

5º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS-2013

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 28.4.14, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas-2013, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS-2013

Vista a documentación que consta no expediente en relación coa subvención concedida a este concello, polo importe de 33.501,01 euros, ao abeiro da Orde da Consellería de Sanidade do día 11 de xullo de 2013, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Vista a memoria redactada polo técnico municipal en prevención dos programas desenvolvidos: 1.- Activa. Noites de palangre. 2.- Actividades transversais de información, sensibilización e formación. 3.- Ao alcance. 4.- Cambio de sentido. 5.- En familia todos contan. 6.- Entre todos. 7.- Máis que un teito. 8.- Non pasa nada ¿pasa algo? 9.- Penélope. 10.- Prevención do consumo de drogas no ámbito educativo. Intervención socioeducativa no aula.

Unha vez que se tomou razón na contabilidade e deuse cumprimento á finalidade para a que foi concedida a axuda.

Esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a este concello para o desenvolvemento dos proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas, polo importe total de CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (48.967,92 €) correspondente ao exercicio económico 2013 e aos 3 meses de 2014, xaneiro, febreiro e marzo, segundo o seguinte desglose: 11.704,61 euros a custes da Seguridade Social (14 meses) e 37.263,01 euros a salario bruto (15 meses), en concepto dos custos de persoal do técnico municipal en prevención, Alberto Casqueiro Iglesias.

Segundo.- Dar conta deste Resolución na próxima Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas-2013.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Examinada a proposta do día 29.4.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 2 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-13/034):

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 10/02/2014, foi autorizada a transmisión da condición de concesionario do posto nº 2 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular, Carmen Portela Rodríguez a favor de M^a Carmen Germade Portela, con enderezo a efectos de notificación en R/Subida á Torre do Galo, nº 5, debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

II.- Dentro do prazo outorgado, mediante escrito de data 28/04/2014 con rexistro de entrada nº 4970 a adquirente comunica que a transmisión xa se fixo efectiva.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

' (...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, eméndese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a

transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.'

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 2 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que era titular Carmen Portela Rodríguez a favor de M^a Carmen Germade Portela.

SEGUNDO.- Declarar que M^a Carmen Germade Portela, ten adquirido a concesión do posto de peixe nº 2 da Praza de Abastos, sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, a esta concellería, así como, á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do día 29.4.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 2 do Mercado Municipal de Abastos.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 14.04.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 142/2013

Dase conta da proposta da Alcaldía do día 5.5.14, referente a decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 14.04.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 142/2013 (X-13/10)

Visto o Decreto ditado o día 14.04.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, instruído a instancia da mercantil 'HPC IBÉRICA, S.A.'

Visto que o referido decreto aproba a taxación de custos por importe de 9.986,84 euros, que este concello debe aboar á reclamante.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto ditado o día 14.04.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013, instruído a instancia da mercantil 'HPC IBÉRICA, S.A.'

Segundo.- Que os departamentos de Intervención e Tesourería realicen os trámites necesarios co fin de recoñecer a obriga polo importe adebedado e se continúen os trámites ata o seu completo pago.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 142/2013.

7.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 281/2014 DITADA O DÍA 24.04.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 732/2013 (X-14/06)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- Reclamante: Juan Manuel Carrera Táboas
- Sentenza: desestima o recurso interposto contra a Consellería do Medio Rural e do Mar e Concello de Cangas.
- Recursos: a sentenza é firme.

7.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 53/2014 DITADA O 04/04/2014 POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE CANGAS NO XUÍZO DE FALTAS Nº 792/2013 (X-14/03)

- Acusado: Gonzalo Gil Estévez
- Sentenza: condénase ao acusado como autor dunha falta de danos considerando probados os efectuados nun vehículo da Garda Civil, absolvéndoo respecto dos danos no vehículo da Policía Local de Cangas por inexistencia de proba certa de cargo, con base na declaración da testemuña que declarou non ver ao denunciado golpear o vehículo da Policía Local.
- Recursos: a sentenza non é firme cabendo recurso de apelación fronte desta.

7.D) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 53/2014 DITADA POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE CANGAS

Dase conta de sentenza nº 53/2014 ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 2 de Cangas, referente a xuízo de faltas nº 792/2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 53/2014 ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 2 de Cangas, referente a xuízo de faltas nº 792/2013.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS-2014.

TERRAZAS 2014

EL PADRINO	JOSE Ma MARTINEZ GONZALEZ	8 MESAS 32 CADEIRAS	32 M2 DE 01/07 A 30/09
0 BRUÑO	Tarima 1	ROBERTO PEREZ ESTEVEZ	4 MESAS 16 CADEIRAS 16 M2 DE 01/7 A 30/08
0 BRUÑO	Tarima 2	ROBERTO PEREZ ESTEVEZ	4 MESAS. 16 CADEIRAS
CASA PORRON	ENRIQUE EIROA GALLEGO	10 MESAS 40 CADEIRAS	40 M2 NO PUEDE PONER PEGADO A FACHADA
BAR KACTUS	ADRIANO LOPEZ PARCERO	,3 MESAS 10 CADEIRAS	9M2
LA VIE EN ROSE	FARIDA ABDESLAM	12 MESAS 16 CADEIRAS	48 M2
BONIN	JOSE ALBERTO CASTRO ANTON	15 MESAS 60 CADEIRAS	56 M2 DE 15/06/A 30/09 28 M2 DE 01/09/A 01/06
TAPERIA ALIÑOANA	DELMA MENEZES CNOSTANTINO	6 MESAS 4 CADEIRAS	
LUPULO	CARMEN PARADA SANTAMARIA	3MESAS 12 CADEIRAS	12 M2 DE 15/06/A 30/09
LOS TONELES	Ma PILAR RIOS DEL RIO	6 MESAS 24 CADEIRAS	24 M2
HAMBURGUESERIA PRAIA	Mª CRISTINA CHAPELA SANTOS	4 MESAS 16 CADEIRAS	16 M2 DE 01/06/A 30/09
LUPULO	CARMEN PARADA SANTAMARIA	3 MESAS 12 CADEIRAS	
LA PERLA NEGRA	PATRICIA SANTIAGO SOTELO	14MESAS 54CADEIRAS	56 M2 DE 15/06/A 30/09
HOLLYWOOD	JOSE JOAQUIN FREIRE RODAL	4 MESAS 16 CADEIRAS	16 M2 DE 01/07/A 1/09
ARGOLIDE	JOSE ANTONIO RUIZ COSTAS	4 MESAS 16 CADEIRAS	8 M2 DE 15/06/A 15/09
CAFÉ BAR VALLADARES	MIGUEL ANGEL POUSA VALLADARES	3 MESAS 6 CADEIRAS	12 M2 DE 01/06 A30/09
BAR ESCORADO	JESUS OTERO FERNANDEZ		
0 TOSTADEIRO	JOAQUIN CASAS MOLANES	5 MESAS 20 CADEIRAS	16 M2

LA MARINA GUILLERMO REY GRAÑA 10 MESAS 40 CADEIRAS 40 M2 DE 01/05 A 30/09
CANGACEIRO GABRIELA LAURA AMOEDO BASTOS 10 MESAS 40 CADEIRAS 40 M2 DE 01/05 A
31/10
ALIÑO ANA DELMA MENEZES CONSTANTINO 5 MESAS 20 CADEIRAS 20 M2 DE 01/06/A 30/09

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar o cadro de ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente